



**CONCELLO DE
SANTIAGO**

RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DO 4 DE MAIO DE 2018

LICENZAS FAVORABLE.-

LAP/153/2016.- MONFOBUS, S. L.- Conceder licenza de obras de mantemento e mellora das instalacións sitas na rúa Amio, 71 (Recinto Feiral).

2.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á solicitude de licenza de obras de mantemento e mellora das instalacións sitas na rúa Amio, 71 (Recinto Feiral). LAP/153/2016. Apróbase a proposta.

3.- Proposta do concelleiro delegado de Medio Ambiente e Convivencia relativa á aprobación da liquidación dos efectos do contrato de xestión dos servizos de ordenación de aparcamento na vía pública e retirada e depósito de vehículos. Acórdase rexeitar as alegacións presentadas por Setex Aparki e aprobar a liquidación dos efectos do contrato de concesión para a a xestión dos servizos de ordenación, regulación e aparcamento de vehículos na vía pública e a retirada, traslado e depósito de vehículos, adxudicado a Setex e declarado nulo, con base nas seguintes determinacións:

1.-Setex enténdese compensada polos servizos prestados por medio dos ingresos que percibiu das persoas usuarias en calidade de taxas da ordenanza da ORA e da retirada e depósito de vehículos.

2.-O Concello devolveralle a Setex a cantidade de 336.945 euros en execución da sentenza ditada polo Xulgado do Contencioso Administrativo nº 2 de Santiago con data de 19 de maio de 2016, cos xuros de demora correspondentes.

3.-Setex aboaralle ao Concello, en concepto de indemnización de danos e perdas a cantidade de 630.679,93 euros. Esa cantidade será minorada por compensación a favor de Setex dos 121.957,11 euros que a empresa lle abonou ao Concello en concepto de canon fixo no período de decembro de 2014 a febreiro de 2016. O importe da indemnización polo canon fixo actualizarase na data na que Setex Aparki cese na prestación dos servizos e os asuma o Concello a través de Tussa.

4.-Os bens, equipos e instalacións adscritos á xestión dos citados servizos reverten á Corporación, o que se formalizará por medio da acta correspondente na data na que Setex Aparki cese efectivamente na prestación dos servizos.

5.-Todo isto sen prexuízo da repercusión posterior a Setex, se fose o caso, da indemnización substitutoria que a facor de Doal lle poidan impoñer ao Concello os tribunais de xustiza a través da resolución que se dite no incidente de imposibilidade de execución de sentenza.

4.- Proposta do concelleiro delegado de Medio Ambiente e Convivencia relativa á aprobación da acta de prezos contraditorios nº 2, do contrato de prestación do servizo de mantemento e conservación do sistema de control de tráfico e do túnel do Hórreo. Apróbase a proposta.

5.- Proposta do concelleiro delegado de Educación e Cidadanía relativa á aprobación dos prazos de inscrición no programa "Escolas de Verán 2018. Programa municipal de conciliación". Apróbanse os prazos de inscrición no programa "Escolas de Verán 2018" entre os días 16 e 31 de maio de 2018.

6.- Proposta da concelleira delegada de economía e facenda relativa a beneficios fiscais no imposto sobre o incremento de valor dos terreos de natureza urbana e nas taxas pola subministración de auga e conservación de contadores, saneamento e depuración de augas residuais e prestación do servizo de recollida e tratamento de residuos sólidos urbanos. Apróbase as propostas.

26.- Proposta da concelleira delegada de Economía e Facenda relativa á regularización de situación tributaria no IVTM. Apróbase a proposta.

27.- Proposta da concelleira delegada de Economía e Facenda relativa á denegación dunha exención nas taxas polo saneamento e depuración de augas residuais, subministración de auga e conservación de contadores e pola prestación do servizo de recollida e tratamento de residuos sólidos urbanos. Apróbase a proposta.

28.- Propostas da concelleira delegada de Economía e Facenda relativas á denegación de bonificación no imposto sobre bens inmobles. Apróbase a proposta.

29.- Proposta da concelleira delegada de Acción Cultural relativa á aprobación do convenio de colaboración cultural entre o Concello de Santiago de Compostela e o ATENEO de Santiago para 2018. Apróbase o convenio, que supón unha achega municipal de 20.000 euros.

30.- Dar conta da sinatura do convenio de colaboración entre o concello de Santiago de Compostela e DECATHLON para a realización de actividades de formación en materia de seguridade viaria. Apróbase a propostas

URXENCIAS

1.- Proposta do concelleiro delegado de Medio Ambiente, Convivencia e Informática relativa á aprobación da memoria definitiva da Mellora das instalacións de iluminación pública nos accesos a Santiago de Compostela, incluídas na convocatoria de axudas do IDAE. Apróbase a proposta.

2.-Proposta da concelleira delegada de Acción Cultural relativa á autorización da ocupación da vía pública na Alameda para a colocación de postos durante as festas da Ascensión e do Apóstolo nos anos 2018 e 2019. Autorízase a ocupación da vía pública á empresa Pombo Eventos Atracciones de Ferias, que abonará ao Concello unha cantidade de 99.700 euros. A autorización durante o ano 2018 estenderase desde o 5 ata o 20 de maio para as Festas da Ascensión, e desde o 18 ao 31 de xullo para as Festas do Apóstolo.